



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 POLÍTICA TERRITORIAL,  
 OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA  
 Servicio Provincial de Urbanismo  
 e Inspección Territorial


Avda. de Ramón Ferreiro, 28 - 1º  
 27002 LUGO  
 Teléfono 982 29 43 99  
 Fax 982 29 44 22


Asunto:

Destinatario:

**REMISIÓN RESOLUCIÓN  
 EXPTE. T.E. 03/171**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
 DO CONCELLO DE  
 O CORGO**

 Concellería de Urbanismo e Inspección Territorial Centro Provincial de Urbanismo e Inspección Territorial SERVICIO PROVINCIAL DE URBANISMO E INSPECCIÓN TERRITORIAL LUGO	
<b>11 FEB. 2004</b>	
Nº ENTRADA	Nº SALIDA
—	140

CONCELLO DO CORGO	
	
Nº 35	
REGISTRO XERAL ENTRADA	

Con esta data, o Ilmo. Sr. Subdirector Xeral de Urbanismo e Arquitectura, deu traslado a este Servicio da Resolución dictada polo Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo con data 10 de febreiro pasado, sobre o expediente que a continuación se relaciona, remitido por ese Concello para autorización previa á concesión de licenza municipal, e tramitado conforme ó previsto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia:

- Promotor:** Don Manuel Castedo Jacob.
- Instalación:** Nave almacén para apeiros de labranza e identificación do núcleo rural de "Pedrafita".
- Situación:** Pedrafita - Pedrafita.

Remesamos o texto da citada Resolución e de acordo co indicado na mesma xúntase plano da identificación debidamente dilixenciado.

O que lle comunicamos para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Lugo, 11 de febreiro de 2004

**O XEFE DO SERVICIO**



Asdo.: José Luis Losada López



**O Ilmo. Sr. Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, dictou con data 10 de febreiro de 2004 a Resolución que se transcribe:**

**RESOLUCIÓN DO 10 DE FEBREIRO DE 2003 SOBRE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENCIA MUNICIPAL PARA A LEGALIZACIÓN E REFORMA DE NAVE ALMACÉN PARA APEIROS DE LABRANZA E ACREDITACIÓN DA PREEXISTENCIA DO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE PEDRAFITA, EN PEDRAFITA, NO CONCELLO DE O CORGO (T.E. LU 03-171)**

### **ANTECEDENTES**

Por don Manuel Castedo Jacob formulouse solicitude de autorización previa á concesión de licencia municipal para a ampliación a legalización e reforma de nave almacén para apeiros de labranza e acreditación da preexistencia do núcleo rural tradicional de Pedrafita, en Pedrafita, no Concello de O Corgo.

Polo concello tramitouse o expediente administrativo coa finalidade de acreditar a preexistencia dun núcleo rural, seguindo o procedemento establecido no artigo 41 da Lei 9/2002 de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia simultaneamente co da autorización, e segundo consta na certificación do secretario do Concello de O Corgo de 6 de novembro de 2003, se acredita que o expediente foi exposto ó público polo prazo de 20 días hábiles no propio concello, así como no xornal "El Progreso" os días 10 e 11 de outubro de 2003, presentándose unha alegación e foi informado favorablemente pola Comisión de Goberno de 27 de novembro de 2003.

A parcela na que se ubica a instalación da que se pretende a súa ampliación e reforma ten unha superficie de 742 m<sup>2</sup>, con referencia catastral 27014A005001940000IG, segundo consta na certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro de Lugo.

Consta no expediente resolución do Delegado Provincial desta Consellería en Lugo do 23 de outubro de 1998 pola que se autoriza a construción dunha nave para establo na mesma ubicación e certificación da licencia de obra outorgada pola Comisión de Goberno con data 23 de novembro de 1999, así como resolución da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de 5 de novembro de 1999 pola que se califica a instalación como como establo familiar.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

1.- O Concello de O Corgo carece de planeamento propio.

2.- A construción que se pretende legalizar atópase no ámbito delimitado na proposta de identificación do núcleo de "Pedrafita" polo que é de aplicación o previsto na disposición adicional segunda apartado 2 da Lei 9/2002.



3.- No expediente municipal tramitado polo concello queda xustificada a preexistencia do núcleo rural de "Pedrafita", formado por unha agrupación de 37 vivendas, topónimo que aparece recollido no Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro, da Consellería de Presidencia e Administración Pública, polo que se aproba o nomenclator correspondente ás entidades de poboación da provincia de Lugo, dentro da parroquia de Pedrafita, constituíndo un asentamento de poboación singularizado por un topónimo e diferenciado nos censos e padróns oficiais e identificado como tal pola práctica administrativa.

4.- A edificación é conforme cos parámetros establecidos no artigo 29 da lei 9/2002, no que se refire a parcela mínima, ocupación máxima e recuados e consta no expediente resolución da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en Lugo de 5 de novembro de 1999 pola que se califica a instalación como como establo familiar.

5.- Constan no expediente os compromisos de execución dos servizos de infraestruturas precisos e de vinculación da parcela ó edificio ou instalación que se promove.

6.- De acordo co disposto no artigo 41.1 da lei 9/2002, a competencia para o outorgamento da autorización corresponde ó Director Xeral competente en materia de urbanismo.

A vista de canto antecede, RESOLVO:

**1º.- RECOÑECE-LA** preexistencia do Núcleo Rural de Pedrafita, na parroquia de Pedrafita, no Concello de O Corgo, coa delimitación que se recolle no expediente remitido, sendo de aplicación ós terreos situados dentro do perímetro delimitado o réxime xurídico establecido polo artigo 24 da Lei 9/2002 e a ordenanza reguladora do solo non urbanizable de núcleo rural regulado no artigo 23 das vixentes Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, cunha altura máxima de baixo mais unha planta. Da delimitación exclúese a área delimitada pola línea primetral a 50 metros. A estes efectos acompáñase un plano identificativo dilixenciado por esta Consellería do núcleo delimitado.

**2º.- OUTORGAR** a dona Manuel Castedo Jacob a autorización previa á concesión de licenza municipal para a legalización e reforma de nave almacén para apeiros de labranza no núcleo rural tradicional de Pedrafita, en Pedrafita, no Concello de O Corgo, coa expresa condición de que, de acordo co establecido no artigo 29.1.b da lei 9/2002, a construción manterá as condicións ambientais e a tipoloxía das edificacións do núcleo e, de acordo co art. 42.1a) o promotor deberá adquirir o compromiso expreso de resolver a súa costa os servizos e infraestruturas necesarias e presta-las garantías que le sexan esixidas polo concello e de acordo co previsto no citado artigo, apartado 1.e) polo solicitante farase constar obrigatoriamente no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ó uso e edificabilidade impostas pola



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA  
Dirección Xeral de Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n  
15771 - Santiago de Compostela  
Tlf.: 981 54 43 56 - Fax: 981 54 43 43

autorización autonómica sendo condición suspensiva dos efectos da licenza municipal, e correspondéndolle ó concello velar polo cumprimento da inscrición rexistral esixida.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO DE ALZADA perante o Exmo. Sr. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes contado a partires do día seguinte ó da recepción desta Resolución conforme o establecido nos artigos 114 e 115 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, consonte á redacción dada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro, que modifica a lei 30/1992.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2004

O SUBDIRECTOR XERAL DE URBANISMO



Asdo.: Vicente Ruiz Soldevilla

